



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Ávd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@gmail.com
www.concellopalasderei.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PALAS DE REI CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DO ANO DOUS MIL CATORCE.

ASISTEN

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira

CONCELLEIROS ASISTENTES

D^a M^a Aurora Vila Agra

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D. Amando Sande Agra

D^a María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez

D. Horacio Rouco Ferro

D^a Ángela Pérez Vázquez

D. José Sabino Prieto Vázquez

D^a Noelia Vázquez Paredes

AUSENTES

D. Antonio Blanco Estevo

SECRETARIA – INTERVENTORA

D^a Celia González Vázquez

Sendo as catorce horas do día sinalado, reúnen-se no Salón de Plenos da Casa do Concello o Pleno da Corporación en sesión Ordinaria coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, actuando como Secretaria-Interventora da Corporación D^a Celia González Vázquez, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión co seguinte orde do día:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

O Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer ás actas referentes ás sesións ordinaria de data 21 de novembro de 2013 e extraordinaria de data 27 de decembro de 2013.

Non existen alegacións.

Sometido este asunto a votación, apróbanse por unanimidade dos membros presentes.

PUNTO SEGUNDO: DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA.

Dada conta dos decretos de alcaldía, dende a última sesión ordinaria celebrada de acordo co disposto no artigo 42 do R.O.F. e que van do decreto da Alcaldía núm. 447 do 18 de novembro de 2013 ata o núm. 69 de data 19 de marzo de 2014, ambos incluídos.

Neste intre fai uso da palabra D. Horacio Rouco Ferro, portavoz do Grupo Municipal socialista a fin de sinalar que nos decretos recibidos faltan nalgúns as firmas do anterior secretario interventor D. Ivan Ponte Mahía e incluso do propio alcalde e noutros consta na firma do secretario D. Pablo Casal Espido, cando o secretario era D. Ivan Ponte Mahía.

Toma a palabra o Sr. Alcalde señalando que debe tratarse de erros materiais de corta e pega.

PUNTO TERCEIRO: DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE O EXERCICIO DE 2013.

Dase conta dos datos que da liquidación orzamentaria, que son os seguintes:

ORZAMENTO CORRENTE

GASTOS

CAP.	CRÉDITOS INICIAIS	MODIF.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	PAGOS LÍQUIDOS
I	1.178.322,13	558.106,50	1.736.428,63	1.678.461,48	18.136,75	1.660.324,73
II	1.111.165,69	53.193,40	1.164.359,09	1.153.988,31	132.660,56	1.021.327,75
III	55.934,33	2.500,00	58.434,33	57.680,20	1.505,18	56.175,02
IV	36.720,00	6.500,00	43.220,00	39.206,96	8.533,20	30.673,76
VI	1.089.800,70	36.844,80	1.126.645,50	282.067,65	7.870,45	274.197,20
VII						
VIII						
IX	43.549,10	0,00	43.549,10	32.035,83	0,00	32.035,83
TOTALES	3.515.491,95	657.144,70	4.172.636,65	3.243.440,43	168.706,14	3.074.734,29

INGRESOS

CAP.	PREVIS. INICIALES	MODIF.	PREVIS. DEFINITIV.	DEREITOS RECOÑEC. NETOS	RECAUD. NETA	DEREIT. CANCEL.	PDTE. COBRO
I	776.405,09	0,00	776.405,09	958.354,77	367.890,33	0,00	590.464,44
II	65.000,08	0,00	65.000,08	81.918,87	33.640,19	0,00	48.278,68
III	540.460,09	0,00	540.460,09	536.888,41	453.157,52	0,00	83.730,89
IV	1.198.739,97	579.737,50	1.778.477,47	1.912.956,95	1.696.780,01	0,00	216.176,94
V	0,00	0,00	0,00	104,81	104,81	0,00	0,00
VI							
VII	934.886,72	76.799,83	1.011.686,55	641.858,98	266.274,80	0,00	375.584,18
VIII	0,00	607,37	607,37	0,00	0,00	0,00	0,00
IX							
TOTAL	3.515.491,95	657.144,70	4.172.636,65	4.132.082,79	2.817.847,66	0,00	1.314.235,13

Resultado orzamentario axustado:

1. Dereitos recoñecidos netos	4.132.082,79
2. Obrigas recoñecidas netas	3.243.440,43
3. Resultado orzamentario (1-2)	888.642,36
4. Desviacións positivas	0,00
5. Desviacións negativas	0,00
6. Gastos financiados con remanente de tesourería	0,00
7. Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6)	888.642,36

Remanente de tesourería:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO	
De orzamento de ingresos. Orzamento corrente	1.314.235,13
De orzamento de ingresos. Orzamento pechado	812.621,71
Doutras operación non orzamentarias	73.694,38
MENOS. Ingresos realizados pendientes aplicación definitiva	13.103,66
TOTAL DEREITOS PENDENTES DE COBRO	2.187.447,56
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	
De presuposto de gastos. Presuposto corrente	168.706,14
De presuposto de gastos. Presupostos pechados	255.199,49
Doutras operación non presupostarias	378.950,67
MENOS. Pagos pendientes de aplicación	40.196,81
TOTAL OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	762.659,49
Fondos líquidos	118.992,70
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	1.543.780,77

Saldos de dubidoso cobro	268.557,82
Remanente de tesourería afectado	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.275.222,95

Toma a palabra o Sr. Alcalde a fin de resaltar o resultado positivo da liquidación en oitocentos oitenta e oito mil euros o presuposto axustado e o remanente de tesourería 1.275.222,95 €.

Por outra banda cumpre, según o informe de secretaría, con todos os parámetros de estabilidade presupostaria e outros que marca a lei, ó final, despois de tanto debate estéril de si se cumpría estabilidade o non se cumpría estabilidade, pois si, se cumpre.

A Corporación dase por enterada do contido da liquidación do orzamento municipal do exercicio económico de 2013.

PUNTO CUARTO.- EXAMEN E APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE PORTOS.

Polo Sr. Alcalde dase conta do expediente tramitado a instancia de dona Carlota Biosca Badía para proceder á delimitación de núcleo rural de Portos na parroquia de Lestedo deste Concello.

De seguido fai uso da palabra D. Horacio Rouco Ferro manifestando que este expediente demostra a incompetencia do Concello o no ter aprobado o PXOM, expediente que se iniciou hai moitos anos e se leva gastado moito diñeiro.

O portavoz do grupo municipal socialista solicita tamén que por parte do concello se faga o mesmo nos demais núcleos rurais, e no caso de Portos se amplie, posto que quedan edificacións sin incluír dentro da delimitación do núcleo rural.

Finalmente e en consonancia cos informes técnicos e xurídicos do expediente di que o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. Alcalde insiste que a tramitación do expediente basease nunha solicitude dun particular.

Toma de novo a palabra o Sr. Rouco Ferro co fin de sinalar que preto de Portos hai outro negocio, outro albergue e, si se pode técnicamente, sería convinte incluílo tamén dentro da delimitación de núcleo rural.

O Sr. Alcalde dí que se está nunha aprobación inicial polo que todas as persoas que podan sentirse afectadas, beneficiarias neste caso, poden no prazo dun mes realizar alegacións.

Finalizado o debate, por unanimidade dos asistentes o Pleno, acórdase:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de delimitación de solo de núcleo rural de Portos, parroquia de Lestedo, nos termos que constan no expediente.

Segundo.- Abrir un período de información pública por prazo dun mes mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no xornal “El Progreso” e no xornal “La Voz de Galicia”, ambos de Lugo. Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.”

PUNTO QUINTO.- ASUNTOS DE URXENCIA.- MOCIONS.

Única.- Moción para manifestar o rexeitamento ao anteproxecto de Ley Orgánica sobre os dereitos do concibido e da muller embarazada, do grupo municipal solicalista de Pallas de Rei.

Exposto o contido da mesma, procedéndose a súa lectura por dona Ángela Pérez Vázquez, e ratificada, por unanimidad dos asistentes, a súa urxencia.

Fai uso da palabra o Sr. Pensado Barbeira sinalando que dita moción xa foi debatida na Diputación de Lugo, as cousas cando funcionan e mellor non tocalas, a Lei de Felipe González foi una Ley de consenso e durou vinte anos ata que no ano 2010 cambiase a Lei do aborto, no se logra o consenso do 100%, agora o partido popular despois de levala no seu programa electoral está lexitimado para cambiala.

Dito o anterior eu non estou de acordó coa maioría das cousas que din, cando eu decidin iso, eu fíxenme una serie de preguntas que debería facerse vostede también e que constan no diario de sesión da Diputación e o mellor chega a algunha conclusión.

Toma a palabra dona Ánxela Pérez Vázquez sinalando que respeta todos os puntos de vista pero entendo que a nova lei recorta os dereitos da muller a decidir e quen quera e teña posibilidades económicas vai a abortar igual. Por outra parte a xente está a dicir todos os días nas rúas que non queren esta Lei, entendo que hai que atender a sensibilidade da cidadanía. Finalmente pido que se vote en conciencia e non por disciplina de partido.

Toma de novo a palabra D. Fernando Pensado Barbeira a fin de sinalar que na Diputación fixen unha enmenda de sustitución do supuesto cuarto do anteproxecto de Lei e teño a firme convicción que se vai reformar.

Tras unha ampla deliberación, por seis votos en contra do grupo municipal do partido popular e catro a favor do grupo municipal do partido socialista e rexeitada a moción.

PUNTO SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde sinalando que hai dúas preguntas do anterior pleno pendentes da súa contestación e relativas a si hai rexistro de facturas no programa de contabilidade e cando ten previsto o concello de Palas de Rei presentar os informes de morosidade e os informes trimestrales a quen lle corresponde a súa presentación.

O Concello de Palas de Rei ten un rexistro de facturas vinculado ao programa de contabilidade, e en canto aos informes trimestrales de morosidade, unha vez que estén listos se presentarán, non e a primeira vez que se presentan, falta o anterior trimestre, en cuanto a presentación correspóndelle o alcalde non a elaboración.

Presentáronse tamén nos últimos días algunhas preguntas polo grupo municipal socialista, estamos a preparar as respostas e seguiremos dando cumprida resposta.

Toma a palabra o Sr. Rouco Ferro e pide que conste en acta que as preguntas foron realizadas de forma regulamentaria, por escrito y con anterioridade o pleno, foron realizadas en tempo e forma, algunhas foron realizadas no pasado ano, no 2013, e en canto os plenos, levamos cinco meses sin plenos, polo que insto o Sr. Alcalde cumpla coa lei e convoque os plenos cando corresponda e non cando vostede queira. En canto as preguntas, insisto, non pode estar catro meses para contestar as preguntas?

Seguidamente di o Sr. Alcalde que: cando teña as respostas xa as darei.

¿Canto ingresou o Concello de Palas de Rei durante a temporada que permaneceu aberta a piscina municipal no ano 2013?

¿Quen foi a persoa ou persoas encargadas de cobrar?

¿En que conta ou contas se ingresaron os cartos procedentes dos cobros das entradas da piscina municipal?

¿Quen é o presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Palas de Rei?

¿Con cantas persoas conta a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Palas de Rei?

¿Relación de persoas, con nomes e apelidos, contratadas-os durante o ano 2013 por este Concello ó amparo dos diversos plans con datas de inicio de contrato e data de fin de contrato?

¿Relación de traballadores/as municipais (con nomes e apelidos) asignados ó servizo de axuda a domicilio?

¿Cantos proxectos de obras se fixeron o longo do ano 2013 por administración?

¿Cales son as obras que se fixeron a través deste procedemento?

¿Con cantos beneficiarios conta o programa de axuda a domicilio?

¿Canto diñeiro ingresou o Concello de Palas de Rei en concepto de canon eólico no ano 2012 e 2013?

¿A que se debe a ausencia de convocatorias de plenos ordinarios por parte do Alcalde Presidente do Concello de Palas de Rei?

Dado que hai algún tempo que non recivo as actas da Xunta de Goberno Local deduzo que non se están convocando ou realizando. ¿Qué pasa coa resolución ou tramitación dos asuntos que ten delegados a Xunta de Goberno Local? ¿Quen os resolve ou como se resolven ditos asuntos?

¿Quén é o órgano competente para resolver as competencias que estaban delegadas na Xunta de Goberno Local?

¿Quen e o Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Palas de Rei?

¿Con cantas persoas conta a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Palas de Rei?

¿Cal e o motivo polo que AVPC e a única de toda a provincia de Lugo que non recibiu subvención por parte da Xunta de Galicia no ano 2013?

¿durante o período 2013 estiveron asegurados os voluntarios da AVPC de Palas de Rei?

¿Con que compañía se aseguraron os Voluntarios de AVPC de Palas de Rei?

¿Nestes momentos están asegurados os voluntarios con que conta a AVPC de Palas de Rei?

¿Quen é o responsable do padrón municipal de habitantes?

¿Quen ten acceso a dito padrón municipal?

¿Quen autorizou a este empleado ou empleada pública a ter acceso a dito padrón?

¿Quen realiza as modificacións en dito padrón?

¿Cal e o motivo polo cal o abastecemento e saneamento na parroquia de San Miguel de Coence non está en funcionamento?

¿A quen lle contratou o concello de Palas de Rei o transporte do 065? ¿fixose algún tipo de oferta pública? ¿Por canto tempo e o contrato realizado? ¿Haberá algún tipo de axuda para os realmente necesitados que non podan facer fronte ó pago?

Según a sentenza do Tribunal Constitucional 161/2013, do 26 de setembro do 2013 que falla a favor de que as sesións de Xunta de Goberno sexan públicas ¿Qué vai facer vostede o respecto? ¿vai facer públicas as sesións?

¿cal e o motivo das facturas 9,10,13 de 4.537 euros de D. Jorge Buján Garrido?

¿En relación co Decreto núm 1/2014, de prorroga del presupuesto, cales son los informes, ¿Qué dí o informe de estabilidade presupuestaria y el de regla del gasto?

¿Facturas 2/14, 3/14, 4/14, por importe de 9.075 €, cal e o motivo destas tres facturas, proveedor José Ramón Sierra Sanchez.

En relación co decreto 14 /2014 e a sentenza a que fai referencia ¿Canto temos que pagar? ¿Cantos contenciosos se celebráron e cales foron os resultados? E ¿Cantos gañou o Concello?.

Se as hai ¿cantas facturas hai pendientes de pagar do 2013? ¿e do 2014 a data de hoxe?

¿Como se tramita a bolsa de emprego deste concello, se a hai? ¿Cando hai contratación de personal tense en conta a bolsa de emprego?

¿Aplicase esta bolsa ou amparándose na bolsa de emprego fai o que quere?

¿O decreto 67/2014, de contratación de personal, cumpre ca lei e ca bolsa de traballo do Concello?

En relación con esta pregunta o grupo municipal socialista ó formar un tercio da corporación queremos unha certificación.

Volvendo ó tema das facturas, a Lei de estabilidade presupuestaria que é unha lei de non déficit, ¿teñen aprobadas as previsións do marco presupuestario?

Nas notas de reparo do ano 2011, que esperei por elas dous anos e me foron entregadas polo anterior secretario, despois de solicialas tres ou catro veces nos plenos, en concreto no reparo núm.15/2011 do 30/6/2011, dí a Sra. Secretaria que a competencia para resolver o reparo correspondelle ó Pleno da Corporación e non obstante consta un decreto da Alcaldía procedendo o seu levantamento, solicitamos da Sra. Secretaria, en base ao tercio da corporación informe e certificado o respecto.

O mesmo co reparo 52/2011.

E non habendo mais asuntos de que tratar, o Sr. Presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión as quince horas e vinte minutos do día de referencia de todo o que eu, como Secretaria – Interventora certifico.

Vº E PRACE
O ALCALDE,



A SECRETARIA-INTERVENTORA,



